



**CONCELLO
DE VIGO**



INTERVENCIÓN

Asunto: INFORME DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO DO 2013

O orzamento de cada exercicio liquidarase en cuanto á recadación de dereitos e o pagamento de obrigas, ao 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagamentos pendentes, segundo os respectivos recoñecementos. En cumprimento do previsto no artigo 191 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigos 89.1 e 92 do Real Decreto 500/1990, de 20 abril, procédese a confeccionar a Liquidación do Orzamento do Concello de Vigo correspondente ao ano 2012.

Normativa

A normativa reguladora da Liquidación dos orzamentos atópase recollida nos seguintes textos legais e regulamentarios:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. número 101, de 27 de abril, corrección de erros no B.O.E. número 136, de 7 de xuño de 1990), (artigos. 89 a 105).
- Instrución do Modelo Normal de Contabilidade para a Administración Local, aprobada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Copia auténtica do original - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 1 de 43



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 2 de 43

- Lei 51/2002, de 27 de decembre, de reforma de la Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local coa modificación introducida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, para a modernización do goberno local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL)
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Liquidación e Resultado Orzamentario

Da normativa reseñada, e máis concretamente, dos artigos 191.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en adiante TRLRFL, e artigo 93.1 do R.P, aprobado polo Real Decreto 500/1990, o orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, e os pagamentos realizados.
- Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento, e para cada un dos conceptos, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.
- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.
- Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos artigos 191.2 do TRLRFL e 93.2 do R.P, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio:



Copia auténtica do original - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 3 de 43

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Os Remanentes de crédito
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.

Aos efectos de medir os resultados, tamén se incorporará ao informe, distintos indicadores e magnitudes comparadas, de tal xeito que poderase facer unha comparativa dos estados de execución, pagamentos, liquidez e demais datos e magnitudes de interese.

O **Resultado Orzamentario** do exercicio (artigo 96 R.P. e OMEH 4041/2004.), virá determinado pola diferenza entre:

- Os dereitos orzamentarios liquidados por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidos aqueles que, por calquera motivo, foran anulados; e as obrigas recoñecidas por operacións correntes non financeiras, nos seus valores netos, é dicir, deducidas aquelas que, por calquera motivo, fosen anuladas, conformando estas dúas magnitudes o resultado das operacións correntes. Do mesmo xeito, calcularase o resultado das operacións de capital non financeiras. O resultado será o chamado, Resultado Orzamentario do exercicio por Operacións non financeiras (RPENF).
- Calcularase igualmente, o resultado das operacións financeiras pola diferenza entre os valores netos dos dereitos recoñecidos por activos e pasivos financeiros e as obrigas recoñecidas netas.

O resultado anterior, dará lugar ao cálculo do Resultado Orzamentario do exercicio, que deberá ser obxecto de axustes. En execución do previsto no artigo 97 do R.P, o resultado deberá axustarse por:

- As desviacións de financiamento, derivadas de gastos con financiamento afectado tanto positivas como negativas, e
- Os créditos gastados correspondentes a modificacións orzamentarias que sexan financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

As operacións de Liquidación do Orzamento, documentadas no modelo de Estado de Liquidación do Orzamento, reflectirá, respecto ao Orzamento de Gastos, os correspondentes "remanentes de crédito", constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas (artigo 175 do TRLRFL, e artigo 98 R.P), e porá de manifesto os créditos orzamentarios, os comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos e as obrigas pendentes



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 4 de 43

de pagamento a fin de exercicio.

Remanente de Tesourería

O Remanente de Tesourería regulado polo artigo 191.2 do TRLRFL, artigos 101 a 104 do R.P. e Regras 81 a 86 da Orde de EHA 4041/20014, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, calcularase segundo os seguintes compoñentes da contabilidade xeral:

Fondos líquidos de Tesourería a fin de exercicio.

- Saldos das contas que integra o subgrupo 57, Regra 84 da IMNCL (contas 570, 571, 573, 574.1, 575.1, 575.9, 577 e 578).

Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio, Regra 85 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local:

- De Orzamento Corrente, conformados polos saldos das divisionarias da conta 430.
- De Orzamento Pechados, conformados polos saldos das divisionarias da conta 431.
- De dereitos pendentes de saldos de debedores non orzamentarios, conformados polas seguintes contas: 260, Fianzas constituídas a longo prazo, 265, Depósitos constituídos a longo prazo, 440, Debedores por IVA repercutido, 442, Debedores por servizos de recadación, 449, Outros debedores non orzamentarios, 470, 471, correspondentes a saldos debedores con Administracións Públicas, 472, Facenda Pública por IVE soportado, 565 e 566, Fianzas e Depósitos constituídos a corto prazo saldo debedor e o saldo debedor da conta 456.

Inclúese o saldo das divisionarias da conta 446, por ser esta a que recolle as ordes de ingreso non orzamentario pendentes de aplicar ao orzamento, ben por fianzas ou outros conceptos, deste xeito, queda compensado o saldo que debería estar nas contas que conforman o subgrupo 56.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 5 de 43

minorados con:

- Ingresos pendentes de aplicación: conta 554 e 559, tendo en conta as súas divisionarias.

Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio, Regra 86 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

- Pendentes de pagamento de exercicio corrente, conta 400.
- Pendentes de pagamento de exercicios anteriores, conta 401.
- De saldos de contas de acredores non orzamentarios: Conta 180 e 185, Fianzas e Depósitos recibidos a longo prazo, conta 410, Acredores por IVE soportado, 414, Entes públicos acredores por recadación de recursos, a divisionaria da 416, polas ordes de pagamento non orzamentarias que están pendentes de pagamento, 419, Outros acredores non orzamentarios, 453, Entes Públicos por ingresos pendentes de liquidar , 456, Entes Públicos c/c en efectivo, 475, 476, saldos acredores de Administracións Públicas, 477, Facenda Pública IVE repercutido, 502, 507, 522 e 525 por empréstitos e Operacións de Tesourería, 560, 561, Fianzas e Depósitos recibidos a curto prazo.

Inclúese a conta coas súas divisionarias da 416, xa que ven recoller os saldos das ordes de pagamento pendentes de aplicación por devolución de fianzas, ou outros saldos non orzamentarios, que unha vez que se expide a orde de pagamento, minora o saldo acredor, quedando o mesmo nas divisionarias da conta 416 até que se produza o pagamento.

minorados con:

- Saldo da conta 555 e 558.1, Pagamentos pendentes de aplicación e provisiones para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación.

O Remanente de Tesourería total conformado polos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento, será axustado por:

- Dereitos de difícil ou imposible recadación, segundo os criterios que a este respecto fíxe a propia entidade, de acordo co establecido no artigo 191.2 do TRLRFL e artigo 103 do R.P., así como as Bases de Execución do Orzamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 6 de 43

➤ Polo exceso de financiamento afectado.

O Remanente de Tesourería, unha vez así calculado, si resultase cun saldo "positivo", conforma o remanente líquido para gastos xerais, constituíndo un recurso para financiar modificacións de crédito no orzamento do exercicio seguinte (artigos. 177.4 e 182 do TRLRFL, e artigos. 36, 48 e 104.2 do RP), sempre dentro dos límites que establece a LOEOeSF en canto á Regra de gasto do artigo 12 e 32 coa modificación incorporada pola Lei Orgánica 9/2013.

No caso de Liquidación do orzamento con Remanente de Tesourería "negativo", o Pleno da Corporación procederá, na primeira sesión que celebre con posterioridade a aprobación da liquidación orzamentaria, á redución de gastos no Orzamento por unha contía igual ao déficit producido, e de non ser posible a redución do gasto, poderá concertar unha operación de crédito (nos termos e co quórum requirido polo artigo 177.5 do TRLRFL en relación co art. 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local LBRL. polo importe do Remanente de Tesourería negativo.

En tódalas análises vaise amosar tanto a Entidade Local como es estados consolidados, conformando o perímetro de consolidación as seguintes entidades:

Entidade Local

Instituto Municipal dos Deportes (IMD)

Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU)

Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO)

Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO)

Tamén se van mostrar os axustes que se fixeron entre a suma dos dereitos, obrigas, cobros e pagamentos comúns entre os Organismos Autónomos Administrativos e a Entidade Local.

Analizarase por separado, os dereitos e as obrigas pendentes de cobro e pagamento de orzamentos pechados, da Entidade e dos OO.AA, sen prexuízo de que tamén se faga nos estados consolidados. A finalidade non é outra que darlle unha maior transparencia aos saldos que teñen unha elevada antigüidade e que sería axeitado estudalos e propoñer algunha alternativa que permita unha imaxe fiel dos estados contables, aínda que, tanto o Concello como a Xerencia Municipal de Urbanismo, están a facer as dotacións tendo en conta as porcentaxes fixadas nas Bases de Execución, que son superiores co previsto no artigo 193. bis do TRLRHL, coa modificación incorporada pola LRSAL.



Táboa 1. Resumo dos créditos orzamentarios, conformando os créditos iniciais, as modificacións e os definitivos.

Capítulos	Entidade						Estados Consolidados					
	Previsións Estado de Ingresos			Créditos Estado de Gastos			Previsións Estado de Ingresos			Créditos Estado de Gastos		
	Iniciais	Modificacións	Definitivas	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Iniciais	Modificacións	Definitivos
I	101.703.710,00	,00	101.703.710,00	58.911.357,92	661.276,62	59.572.634,54	101.703.710,00	,00	101.703.710,00	66.866.480,22	867.507,74	67.733.987,96
II	6.749.060,00	,00	6.749.060,00	104.198.884,00	2.719.423,91	106.918.307,91	6.749.060,00	,00	6.749.060,00	111.781.417,34	3.269.524,96	115.050.942,30
III	35.051.477,40	400.000,00	35.451.477,40	2.234.922,66	-363.000,00	1.871.922,66	39.317.858,03	400.000,00	39.717.858,03	2.234.952,66	-363.000,00	1.871.952,66
IV	70.165.126,75	1.780.645,81	71.945.772,56	37.111.283,94	2.649.974,20	39.761.258,14	68.543.920,24	1.780.645,81	70.324.566,05	23.463.392,62	2.641.897,52	26.105.290,14
V	2.680.000,00	,00	2.680.000,00				2.750.347,81	54.282,48	2.804.630,29			
VI				12.753.207,36	5.090.862,10	17.844.069,46	,00	260.279,30	260.279,30	13.307.737,74	5.852.698,32	19.160.436,06
VII	,00	999.986,87	999.986,87	1.120.056,26	185.999,90	1.306.056,16	,00	1.930.711,87	1.930.711,87	626.133,42	2.444.575,68	3.070.709,10
VIII	600.000,00	24.420.137,49	25.020.137,49	601.000,00		601.000,00	679.040,48	26.943.518,20	27.622.558,68	680.040,48	,00	680.040,48
IX	9.100.000,00		9.100.000,00	9.118.662,01	16.656.233,44	25.774.895,45	9.100.000,00	,00	9.100.000,00	9.118.662,01	16.656.233,44	25.774.895,45
Total	226.049.374,15	27.600.770,17	253.650.144,32	226.049.374,15	27.600.770,17	253.650.144,32	228.843.936,56	31.369.437,66	260.213.374,22	228.078.816,49	31.369.437,66	259.448.254,15

A modificación máis salientable é a correspondente ao suplemento de crédito para facer fronte á amortización extraordinaria da débeda, por unha contía de 16.656.233,44 euros, e despois, a incorporación dos remanentes de crédito por unha contía na entidade de 7.76390,05 euros. En canto aos estados consolidados, a incorporación de remanentes é por unha contía de 10.287.284,76 euros. No entanto o anterior, neste informe tamén se incorporará un estado no que se mostran as contías de cada tipo de modificación orzamentaria.

En táboas posteriores, amosarase as porcentaxes de compromisos, de execución, de pagamentos, de dereitos recoñecidos e de cobros.

En cada unha das táboas, amosarase tanto a información da Entidade Local como a dos estados consolidados.

Tamén se incorporará unha táboa sobre os axustes de consolidación por operacións internas.

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 7 de 43



Táboa 2. variacións entre os estados iniciais e definitivos.

Institución	Créditos Extraordinarios	Suplementos de Crédito	Ampliacións de Crédito	Transferencias		Incorporacións Remanentes	Xeracións de créditos	Baixas por anulación	Total
				Positivas	Negativas				
Entidade Local	363.000,00	17.325.180,35	400.000,00	7.569.535,76	-7.569.535,76	7.763.904,05	2.780.632,68	-1.031.946,91	27.600.770,17
Estados Consolidados	363.000,00	17.325.180,35	400.000,00	8.003.395,68	-8.003.395,68	10.287.284,76	4.025.919,46	-1.031.946,91	31.369.437,66

A variación entre os estados iniciais e definitivos é importante, as modificacións orzamentarias en saldos netos, representan un 12,21 por 100 na entidade Local e un 13,75 nos estados consolidados, si ben a contía máis importante é a correspondente á amortización extraordinaria da débeda e a segunda, procede da incorporación de remanentes, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 27.600.770,17 euros e 31.369.437,66 euros respectivamente.

Táboa 3. Execución dos estados de gastos e ingresos

Capítulo	Entidade								Estados consolidados							
	Dereito R. Neto	% ¹	Ingreso Neto	% ²	Obriga R. Neta	%	Pagamen. Neto	%	Dereito R. Neto	%	Ingreso R. Neto	%	Obriga R. Neta	%	Pagamen. Neto	%
I	106.240.345,62	104,46	92.224.924,69	96,87	57.708.150,46	92,33	57.667.143,33	99,93	106.240.345,62	104,46	92.224.924,69	86,81	65.415.708,09	96,58	65.286.973,28	99,8
II	6.510.570,50	96,57	6.099.230,96	93,68	103.070.506,20	96,4	90.670.128,87	87,97	6.510.570,50	96,47	6.099.230,96	93,68	110.513.004,88	96,06	97.257.199,70	88,01
III	42.720.045,98	120,5	35.420.138,83	97,15	728.430,44	38,91	728.430,44	100	46.089.578,18	116,04	38.566.235,32	83,68	728.430,44	38,91	728.430,44	100,00
IV	74.278.564,07	103,24	72.158.003,82	97,6	38.308.524,93	96,35	35.350.845,39	92,28	72.643.140,01	103,3	70.522.579,76	97,08	24.626.538,81	94,34	21.668.859,27	87,99
V	3.098.194,08	115,6	2.939.814,62	94,89					3.254.252,29	116,03	3.095.804,01	95,13				
VI	,00	,00	,00	,00	11.849.078,26	66,4	9.857.878,93	83,2	260.279,30	100	260.279,30	100,00	12.213.587,37	63,74	10.122.731,78	82,88
VII	993.553,44	99,36	-6.433,43	-0,65	1.045.941,72	80,08	907.269,87	86,74	1.924.278,46	99,67	293.935,40	15,28	1.606.227,77	52,31	1.467.555,92	91,37
VIII	466.493,79	77,75 ³	100.219,86	21,48	466.500,00	77,62	424.500,00	91	526.493,79	77,53	118.969,86	22,6	523.500,00	76,98	481.500,00	91,98
IX	8.831.560,08	97,05	5.753.556,54	65,15	25.733.624,18	99,84	25.733.624,18	100	8.831.560,08	97,05	5.753.556,54	65,15	25.733.624,18	99,84	25.733.624,18	100,00
TOTAL	243.139.327,56	106,07	214.689.455,89	88,3	238.910.756,19	94,19	221.339.821,01	92,65	246.280.498,23	105,58	216.935.515,84	88,08	241.360.621,54	99,84	222.746.874,57	89,04

- 1 Sobre previsións definitivas
- 2 Sobre dereitos recoñecidos netos
- 3 Non se teñen en conta os remanentes

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/140
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 8 de 43



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 9 de 43

O índice das liquidacións netas do estado de ingresos ascende ao 106,07 por 100 na Entidade e do 105,58 por 100 nos estados consolidados. Como se pode apreciar na táboa 16, é maior ca do ano 2012. No capítulo VIII, para non desvirtuar a análise, íllase a contrapartida da incorporación de remanentes, xa que tratase dun ingreso que non pode ser obxecto dun recoñecemento, polo tanto, non se toma en consideración na base de cálculo.

A ratio de recadación supera a dos últimos anos (táboa 15), polo que a situación económica non tivo efecto negativo na corrente financeira. As porcentaxes son moi altas nos ingresos correntes non financeiros. En canto ás transferencias de capital, dependen en cada caso, dos prazos de xustificación, que pode dar lugar a que a mesma non chegue a entrar na tesourería municipal dentro do ano, polo que, formarán parte da recadación de pechados no ano 2014.

En canto aos estados de gastos, as obrigas recoñecidas netas acadaron un 94,19 por 100, sendo o máis alto da serie coñecida. Non se fai unha análise por capítulo, xa que a variación por anos e capítulos, queda recollida na táboa 16. En canto aos pagamentos, tamén aquí se materializaron nunha porcentaxe alta, aínda que se mantén a porcentaxe do ano 2012, chegando a un 92,65 por 100 das obrigas recoñecidas, a súa comparativa queda recollida na táboa 15.

A conclusión en canto ao estado de gastos, é que quedan moi poucos remanentes de crédito a incorporar, polo que no ano 2014, vaise xerar unha volume de obrigas pequeno pola incorporación de remanentes (6.927.556,71 euros). Por outra banda, na recadación, tampouco se ingresou na tesourería a entrega a conta pola cesión de tributos e polo Fondo Complementario de Financiamento correspondente ao mes de decembro do ano 2013 por unha contía de 6.014.269,73 euros.

Táboa 4. Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.693.691,32	330.101,60	1.681.230,51	
OA. X.M.U.	1.652.065,99		5.576.682,14	260.547,88
OA. IMD	29.164,52		5.682.501,18	50.630,88
OA. EMAO			1.290.326,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
Total	15.374.921,83	330.101,60	15.374.921,83	330.101,60



Cálculo do Resultado Orzamentario e estado do mesmo.

As desviacións de financiamento positivas que figuran nos axustes para o cálculo do Resultado Orzamentario, son consecuencia do recoñecemento de dereitos sen que ao peche do exercicio se houberen tramitado a totalidade das obrigas que afectan aos devanditos proxectos. Os proxectos que xeran esas desviacións, foron obxecto do recoñecemento dos dereitos en función dos compromisos que se ían adquirindo con cargo aos mesmos. Na maioría dos casos, as desviacións positivas afectan a excesos de financiamento do préstamo, onde os dereitos foron recoñecidos e as obrigas non se produciron na súa totalidade. En cantos as desviacións negativas, son consecuencia basicamente das obrigas xeradas no exercicio cuxos ingresos foron recoñecidos no ano ou anos anteriores.

O resultado desta magnitude na Entidade Local unha vez feitos os axustes, na entidade é de 22.174.857,90 euros fronte aos 20.171.327,66 euros do ano 2012, o que supón unha variación á alza en relación co ano precedente do 9,93 por 100.

Resultado Orzamentario	Entidade				Estados consolidados			
	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario	Dereitos Recoñecidos Netos	Obrigas Recoñecidas Netas	Axustes	Resultado Orzamentario
a) Operacións correntes	232.847.720,25	199.815.612,03		33.032.108,22	234.737.886,60	201.283.682,22		33.454.204,38
b) Outras operacións non financeiras	993.553,44	12.895.019,98		-11.901.466,54	2.184.557,76	13.819.815,14		-11.635.257,38
1. Total Operacións non financeiras (a+b)	233.841.273,69	212.710.632,01		21.130.641,68	236.922.444,36	215.103.497,36		21.818.947,00
2. Activos Financeiros	466.493,79	466.500,00		-6,21	526.493,79	523.500,00		2.993,79
3. Pasivos Financeiros	8.831.560,08	25.733.624,18		-16.902.064,10	8.831.560,08	25.733.624,18		-16.902.064,10
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	243.139.327,56	238.910.756,19		4.228.571,37	246.280.498,23	241.360.621,54		4.919.876,69
Axustes								
4. Créditos gastados financiados con RTGX			18.051.530,77				18.051.530,77	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			3.441.998,07				4.126.031,27	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			3.547.242,31				4.096.520,47	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				22.174.857,90				23.000.918,26

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 10 de 43



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pódese validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 11 de 43

Os gastos executados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais, teñen o seu control a través dos estados de execución de remanentes, tanto a través da aplicación orzamentaria, que ten unha clave específica para diferenciarlas das demais, como das propias operacións, que teñen un sistema de acumuladores distintos, tanto polos efectos que teñen sobre o aforro neto como no cálculo do resultado orzamentario.

As desviacións de financiamento afectado, que teñen efecto sobre o resultado orzamentario como no remanente de tesourería, son controladas con detalle a través tanto do concepto como da aplicación a través dos proxectos e do estado de desviación de financiamento afectado.

Tamén se amosa o resultado Consolidado, que en termos comparativos, ten unha variación en relación co ano anterior do 87,74 por 100

Os proxectos que son obxecto dos axustes, figuran no estado de desviacións de financiamento, estado MEM 2041_04.

Como consecuencia do anterior, hai que practicar os axustes no Resultado Orzamentario, sendo a súa contía a diferenza entre os compromisos adoptados nos proxectos correspondentes a operacións de capital e os dereitos recoñecidos nos mesmos proxectos, que pode dar como resultado unha desviación positiva ou negativa.

Na táboa seguinte móstrase o resumo do estado de desviacións tanto da entidade como dos estados consolidados. As desviacións do exercicio afectan exclusivamente ao resultado orzamentario, mentres que as acumuladas positivas, afectan ao remanente de tesourería.

Táboa 5. Estado de desviacións de financiamento afectado

Entidade Local				Estados Consolidados			
Desviacións do Exercicio		Desviacións Acumuladas		Desviacións do Exercicio		Desviacións Acumuladas	
Positivas	Negativas	Positivas	Negativas	Positivas	Negativas	Positivas	Negativas
3.547.242,31	3.441.998,07	5.201.038,69	843.911,05	4.096.520,47	4.126.031,27	8.222.451,69	,00

Cálculo do Remanente de Tesourería.

O Remanente de Tesourería total, calculado de acordo aos previsto nas Regras 81 a 87 da ICAL, ascende a 76.728.333,71 euros. Existe un exceso de financiamento afectado correspondente aos proxectos que se relacionan no estado MEM 2041_04, e que queda resumida na táboa anterior por un importe de 5.201.038,69 euros, que conformará un recurso afectado aos proxectos referenciados, que serán obxecto da preceptiva modificación orzamentaria por incorporación de Remanentes ao orzamento do ano 2014.

O cálculo dos saldos pendentes de cobro, que se consideran de difícil ou imposible recadación axústanse ao previsto na Base 49ª das de Execución do Orzamento, ascendendo a dotación a 65.127.982,52 euros, na táboa 11 establécese o sistema de cálculo. Debido aos axustes na recadación, así como o menor saldo



nos debedores pendentes de cobro de orzamentos pechados, a dotación a saldos de dubidoso cobro presenta unha baixa en relación coas dotacións do ano 2012.

ANOS	COEFICIENTES	CAPÍTULOS
1	0,80	I,II,III e V
2	0,85	Todos
3	0,90	Todos
4	0,95	Todos
5 ou máis	1,00	Todos

A variación na magnitude do remanente de tesourería, que ten unha baixa en relación co ano anterior de 9.113.497,42 euros, ten a súa xustificación na utilización deste recurso para o financiamento da amortización extraordinaria da débeda por unha contía de 16.656,233,44 euros, que de non ser así, a magnitude tería un crecemento en relación ao ano 2012 de 7.542.736,02 euros.

Táboa 6. Debedores pendentes de cobro e acredores pendentes de pagamento ao peche do exercicio correspondente ao exercicio corrente

Capítulos	Entidade Local				Estados consolidados			
	Saldos orzamentarios		Saldos Non orzamentarios		Saldos orzamentarios		Saldos Non orzamentarios	
	Debedores	Acredores	Debedores	Acredores	Debedores	Acredores	Debedores	Acredores
I	14.015.420,93	41.007,13			14.015.420,93	128.734,81		
II	411.339,54	12.400.377,33			411.339,54	13.255.805,18		
III	7.299.907,15				7.523.342,86	,00		
IV	2.120.560,25	2.957.679,54			2.120.560,25	2.957.679,54		
V	158.379,46				158.448,28			
VI		1.991.199,33				2.090.855,59		
VII	999.986,87	138.671,85			1.630.343,06	138.671,85		
VIII	366.273,93	42.000,00			407.523,93	42.000,00		
IX	3.078.003,54				3.078.003,54	,00		
TOTAL	28.449.871,67	17.570.935,18	1.338.573,81	11.158.070,17	29.344.982,39	18.613.746,97	1.441.425,10	11.878.833,14

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pódese validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 12 de 43



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 13 de 43

No que se refire aos saldos acredores por operacións orzamentarias, a súa contía sustentase no gran volume de ordes de pagamento que se fan a finais do ano e que xa non é posible facer fronte ao seu pagamento dentro do ano, pero que nunha porcentaxe moi importante xa foron pagadas ao longo do mes de xaneiro. O saldo que presenta a tesourería a finais do ano, daría para facer o pagamento desta obrigas 2,68 veces. Como se comprobará na análise dos indicadores, o saldo pendente de pagamento non é un problema de liquidez. En todo caso, as obrigas pendentes ao peche do exercicio é menor cas do ano 2012, pasando dos 33.673.354,91 euros aos 28.843.034,03 euros.

Os saldos acredores correspondentes a operacións non orzamentarias, os máis importantes son os que recollen as retencións do IRPF do mes de decembro e a cota da seguridade social, xa que esta é traspasada dende o orzamento á conta da Seguridade Social Acredora ou o saldo da conta 41928 pola achega do Ministerio de Cultura as obras da Finca Mirambell, outros saldos relevantes, son os dos ingresos duplicados, xestión de recursos doutros entes e fianzas e depósitos.

Remanente de Tesourería	Entidade				Estados Consolidados			
	Ano 2013		Ano 2012		Ano 2013		Ano 2012	
1. (+) Fondos Líquidos		77.677.952,61		90.943.645,55		83.622.395,46		96.557.703,32
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		98.222.436,34		103.639.080,75		102.391.910,29		107.508.661,00
(+) Do Orzamento Corrente	28.449.871,67		27.882.062,28		29.344.982,39		29.201.833,20	
(+) De Orzamentos Pechados	71.644.916,04		77.115.518,37		74.870.813,02		79.952.541,77	
(+) De Operacións non Orzamentarias	1.383.573,81		1.506.499,49		1.441.425,10		1.564.350,78	
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación	3.255.925,18		2.804.999,39		3.265.310,22		3.210.064,75	
3. (-) Obrigas pendentes de Pagamento		28.843.034,03		33.673.354,91		30.759.311,76		35.263.732,17
(+) Do Orzamento Corrente	17.570.935,18		23.338.220,33		18.613.746,97		24.311.871,10	
(+) De Orzamentos Pechados	119.130,75		78.057,72		271.833,72		80.400,53	
(+) De Operacións non Orzamentarias	11.158.070,17		10.262.178,93		11.878.833,14		10.876.562,61	
(-) Pos realizados pendentes de aplicación	5.102,07		5.102,07		5.102,07		5.102,07	
I Remanente de Tesourería Total (1 + 2 + 3)		147.057.354,92		160.909.371,39		155.254.993,99		168.802.632,15
II Saldos de dubidoso cobro		65.127.982,52		70.806.866,99		66.645.865,52		72.031.890,35
III Excesos de financiamento afectado		5.201.038,69		4.260.673,27		8.222.451,69		7.728.576,00
IV Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)		76.728.333,71		85.841.831,13		80.386.676,78		89.042.165,80



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 14 de 43

Hai facer fincapé, que as variacións que se poidan estar a producir nas magnitudes, teñen en parte a súa explicación na amortización extraordinaria da débeda que se fixo, que tivo efectos tanto no remanente de tesourería, como no resultado orzamentario e na propia tesourería, aínda que a súas variación son moito menores que o importe da devandita amortización, que foi por unha contía de 16.656.233,44 euros.

Aforro neto

A fórmula de cálculo desta magnitude é a prevista no artigo 53.1 do TRLRFL.

$$\text{Aforro neto} = \sum (\text{Dchos. Rec.netos, capítulos I a V de ingresos}) - \sum | (\text{Obl.recon.netas-Obr.Rec.RTGX}) + \text{anualidade teórica de amortización III,IX} | (\pm) \text{axustes}$$

" A diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, deducidas aquelas que están financiadas con Remanente Líquido de Tesourería, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación de endebedamento proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso... a anualidade teórica de amortización..., determinarase en todo caso, en termos constantes..."

Ademais, aos efectos do seu cálculo, deducirase dos ingresos correntes non financeiros, aqueles que estean afectados a operacións de capital, entre outros: as contribucións especiais asociadas a investimentos, os ingresos de aproveitamentos urbanísticos, os ingresos e Patrimonio Municipal do Chan afectados a investimentos. Igualmente, deberanse deducir aqueles outros que non teñan o carácter de estables ou permanentes.

O cálculo da anualidade teórica de cada unha das operacións de préstamo ou endebedamento, en termos constantes, relaciónase na táboa 8, onde están representadas tódalas operacións vivas por operacións financeiras. Non figuran neste cálculo as que son resultado das Liquidacións negativas pola cesión dos Tributos do Estado e polas entregas a Conta ao Fondo Complementario de Financiamento dos anos 2008 e 2009, xa que as mesmas non son consideradas como endebedamento ao abeiro do previsto na Disposición Final Trixésima Primeira da Lei 17/2012, de 27/12/2012, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.

Da análise dos estados e contas anuais dedúcese, a estes efectos, a seguinte información:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 15 de 43

Táboa 7. Aforro neto.

Capítulo	Entidade				Estados consolidados			
	Dereitos Recoñecidos netos	Obrigas Recoñecidas netas	Axustes	Aforro	Dereitos Recoñecidos netos	Obrigas Recoñecidas netas	Axustes	Aforro Neto
I	106.240.345,62	-57.708.150,46			106.240.345,62	-65.415.708,09		
II	6.510.570,50	-103.070.506,20			6.510.570,50	-110.513.004,88		
III	42.720.045,98	-728.430,44			46.089.578,18	-728.430,44		
IV	74.278.564,07	-38.308.524,93			72.643.140,01	-24.626.538,81		
V	3.098.194,08				3.254.252,29			
Total	232.847.720,25	-199.815.612,03		33.032.108,22	234.737.886,60	-201.283.682,22		33.454.204,38
(-) Contrib. Especiais			-966.781,86				-966.781,86	
(-) Outros ingresos extror.			,00					
Aforro bruto			,00	32.065.326,36				32.487.422,52
(-) A. Teórica Amort.			-12.061.586,41				-12.061.586,40	
(+) Finan. RTGX			1.395.297,33				1.395.297,33	
Aforro neto			,00	21.399.037,28				21.821.133,45
% s/ ingresos liquidados				9,19				9,30

En canto ao axuste positivo das obrigas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, ten o seu amparo legal no artigo 53.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, computando exclusivamente aquelas obrigas que se corresponden cos capítulos I ao V.

Pola contra, dedúcese as contribucións especiais do convenio con UNESPA, xa que o seu resultado está afectado a operacións de investimento no servizo de bombeiros.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 16 de 43

Táboa 8. Anualidade teórica de amortización

Préstamo	Importe	Prazo/ anos	Tipo interese %	Anualidade teórica 2013
Investimentos 2005	15.093.902,51	10	Euribor (1,5)	1.636.694,91
Investimentos 2008	15.540.257,62	10	Euribor (2)	1.730.042,92
Investimentos 2009	7.704.760,35	10	Euribor (2)	857.744,22
Investimentos 2010	24.943.440,79	10	Euribor (3)	2.924.132,20
Liquid. Negativa 2008	6.789.215,35	10		678.215,00
Liquid. Negativa 2009	21.109.291,08	10		2.110.929,00
Ptamo, 2013	8.831.560,08	10	Euribor (6)	1.199.926,04
Ptamo, 2014	6.800.000,00	10	Euribor (6)	923.902,12
Total				12.061.586,41

Nivelación Orzamentaria Interna

- Ingresos ordinarios: Capítulos I,II; III, IV e V (Impostos directos, Impostos indirectos, Taxas e outros ingresos ,Transferencias correntes e Ingresos Patrimoniais).
- Gastos ordinarios: Capítulos I (Gastos de Persoal), II (Gastos en bens correntes e servizos), III (gastos financeiros) e IV (Transferencias correntes) e IX (Pasivos financeiros).

A comparación de ingresos e gastos "ordinarios", que se diferencia da clasificación orzamentaria de "correntes", pola exclusión das contribucións especiais (recurso extraordinario afecto a gastos de investimento) e a inclusión das amortizacións financeiras (por ser gastos ordinarios), permite deducir se existe aforro, ou



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 17 de 43

diferenza positiva entre recursos e gastos "permanentes", o que, indirectamente, reflexa se se cumpre "a afectación legal de recursos a gastos de investimento", cuxa comprobación derivase da confrontación dos ingresos e os gastos "extraordinarios" que se diferencian dos de "capital" da clasificación orzamentaria, pola inclusión e exclusión recíprocas sinaladas anteriormente, como se dixo, ao existir ingresos de contribucións especiais e obrigas derivadas de amortización de endebedamento, a nivelación interna non coincide co aforro neto legal e co aforro económico.

Táboa 9. Nivelación interna

Entidade Local					Estados Consolidados				
Capítulo	Dereitos. R. Netos	Capítulo	Obriga.R.Netas	Resultado	Capítulo	Dereitos. R. Netos	Capítulo	Obriga.R.Netas	Resultado
I	106.240.345,62	I	-57.708.150,46		I	106.240.345,62	I	-65.415.708,09	
II	6.510.570,50	II	-103.070.506,20		II	6.510.570,50	II	-110.513.004,88	
III	42.720.045,98	III	-728.430,44		III	46.089.578,18	III	-728.430,44	
III	-966.781,86				III	-966.781,86			
IV	74.278.564,07	IV	-38.308.524,93		IV	72.643.140,01	IV	-24.626.538,81	
V	3.098.194,08	IX	-25.774.895,45		V	3.254.252,29	IX	-25.774.895,45	
Total	231.880.938,39		-225.590.507,48		6.290.430,91	Total	233.771.104,74		

Esta táboa amosa realmente a capacidade que ten a entidade para facer fronte a gasto de capital non financeiro, xa que ten cuberto tódolos gastos correntes non financeiros máis as amortizacións dos pasivos financeiros, o que está a poñer de manifesto, que hai 6.290.430,91 euros e 6.712.527,07 euros na entidade e nos estados consolidados, que sendo recursos correntes non financeiros, conformaron empregos de capital non financeiro. Ou tamén, se se analiza dende outra óptica, os recursos correntes non financeiros, foron superiores as obrigas correntes non financeiras en 33.032.108,22 euros na entidade e 33.454.204,38 euros nos estados consolidados, que amosa a capacidade que ten a entidade co superávit corrente para facer fronte a empregos de capital, tanto non financeiros como financeiros.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 18 de 43

Táboa 10. Resultado das operacións correntes non financeiras

Entidade Local					Estados Consolidados				
Capítulo	Dereitos. R. Netos	Capítulo	Obriga.R.Netas	Resultado	Capítulo	Dereitos. R. Netos	Capítulo	Obriga.R.Netas	Resultado
I	106.240.345,62	I	-57.708.150,46		I	106.240.345,62	I	-65.415.708,09	
II	6.510.570,50	II	-103.070.506,20		II	6.510.570,50	II	-110.513.004,88	
III	42.720.045,98	III	-728.430,44		III	46.089.578,18	III	-728.430,44	
IV	74.278.564,07	IV	-38.308.524,93		IV	72.643.140,01	IV	-24.626.538,81	
V	3.098.194,08				V	3.254.252,29			
Total	232.847.720,25		-199.815.612,03	33.032.108,22	Total	234.737.886,60		-201.283.682,22	33.454.204,38

Táboa 12. Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, dos orzamentos pechados por capítulos

Capítulos	Entidade		Organismos autónomos		Estados consolidados	
	Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados	Obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados	Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados	Obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados	Dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados	Obrigas pendentes de pagamento de exercicios pechados
I	44.489.614,99	73.488,06		,00	44.489.614,99	73.488,06
II	4.128.242,68	25.655,94		10.054,58	4.128.242,68	35.710,52
III	18.207.992,93	,00	1.775.000,00		19.982.993,74	,00
IV	3.211.814,83	19.986,75	,00	,00	3.211.814,83	19.986,75
V	230.003,31		,00		230.003,31	,00
VI	,00	,00		,00		,00
VII	1.202.233,37		1.438.860,95	142.648,39	2.641.094,32	142.648,39
VIII	175.013,93	,00	12.035,22		187.049,15	,00
IX	,00					
TOTAL	71.644.916,04	119.130,75	3.225.896,17	152.702,97	74.870.813,02	271.833,72



Táboa 11. Dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, dos orzamentos pechados por anos

Ano	Dereitos de exercicios pechados						Obrigas de exercicios pechados		
	Saldo inicial	Recadación	Anulacions, Ins. E Prescricións	Pendente	Dot. Provisión %	Importe Dot.	Saldo inicial	Pagos/anulacions	Pendente
1990	81.280,86			81.280,86	100,00	81.280,86			,00
1991	890,42			890,42	100,00	890,42			,00
1992	252.278,82			252.278,82	100,00	252.278,82			,00
1993	1.092.362,51			1.092.362,51	100,00	1.092.362,51			,00
1994	331.769,42	1,29	9.277,62	322.490,51	100,00	322.490,51			,00
1995	517.358,59	2.903,99	487.050,96	27.403,64	100,00	27.403,64			,00
1996	639.121,36	4.077,24	604.886,88	30.157,24	100,00	30.157,24			,00
1997	1.560.194,23	4.666,44	927.608,70	627.919,09	100,00	627.919,09			,00
1998	2.537.112,41	99.443,06	1.598.748,63	838.920,72	100,00	838.920,72			,00
1999	2635357,06	8.021,64	247.421,78	2.379.913,64	100,00	2.379.913,64			,00
2000	2.799.350,32	12.945,23	347.782,92	2.438.622,17	100,00	2.438.622,17			,00
2001	3.467.747,97	22.149,43	807.358,56	2.638.239,98	100,00	2.638.239,98			,00
2002	3.965.451,43	31.532,54	925.168,06	3.008.750,83	100,00	3.008.750,83			,00
2003	3.601.583,63	31.617,92	382.368,40	3.187.597,31	100,00	3.187.597,31	17.832,76	,00	17.832,76
2004	2.263.193,36	35.838,14	186.717,96	2.040.637,26	100,00	2.040.637,26			,00
2005	2.681.049,23	80.160,03	339.109,96	2.261.779,24	100,00	2.261.779,24			,00
2006	3.070.237,31	59.256,53	527.874,53	2.483.106,25	100,00	2.483.106,25	2.800,00	,00	2.800,00
2007	4.517.773,43	92.415,97	824.338,47	3.601.018,99	100,00	3.601.018,99	52.470,68	,00	52.470,68
2008	5.611.320,14	445.954,44	906.332,92	4.259.032,78	100,00	4.259.032,78	1.480,29	,00	1.480,29
2009	9.842.349,26	299.812,92	2.212.771,73	7.329.764,61	95,00	6.963.276,38	3.178,99	,00	3.178,99
2010	12.424.077,91	647.677,37	2.939.337,59	8.837.062,95	90,00	7.953.356,66			,00
2011	13.223.658,70	2.010.083,29	1.874.422,71	9.339.152,70	85,00	7.938.279,80	295,00		295,00
2012	27.822.062,28	11.318.761,46	1.936.767,30	14.566.533,52	80,00 ^d	10.700.667,42	23.338.220,33	23.297.147,30	41.073,03
Total	77.115.518,37	15.207.318,93	18.085.345,68	71.644.916,04		65.127.982,52	23.416.278,05	23.297.147,30	119.130,75

4 Capítulo I,II,III e V

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 10231/1/140
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 19 de 43



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 20 de 43

As obrigas pendentes de pagamento ao peche do exercicio son de escasa relevancia, as correspondentes ao ano 2012 totalizan 41.073,03 euros. A máis importante é a correspondente ao ano 2007, por unha contía de 52.470,68 euros, que non tivo movemento no ano, o cal parece indicar que hai algún problema coas ordes de pagamento representativas deste saldo. No exercicio os pagamentos feitos correspondentes a exercicios pechados representa un 99,49 por 100. En canto aos saldos que están vivos, deberíase facer un estudo para propoñer unha anulación dos mesmos, dándolle a publicidade regulamentaria aos efectos de facer unha depuración destes saldos, aínda que como xa se dixo, non son representativos.

En canto aos saldos debedores, teñen ao inicio do exercicio unha contía de 77.115.518,37 euros, recadándose 15.207.318,93 euros, anuláanse ou tramítanse expedientes de prescrición ou outras causas por unha contía de 18.085.345,68 euros, representando a recadación un 14,49 por 100, e queda un saldo ao peche do exercicio de 71.644.916,04 euros. Nos últimos dous anos, lévase rebaixado o saldo de pechados dende a contía de 142.450.627,07 euros, saldo que existía ao inicio do ano 2011, sendo necesario, ir depurando cada un dos cargos que están en situación de dereitos pendentes de exercicios pechados.

Na dotación que se fai a saldos de dubidoso cobro, aplicando as porcentaxes tendo en conta a antigüidade dos mesmos é por unha contía de 65.127.982,52 euros, que representa un 90,90 por 100 sobre os dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados. Si temos en consideración que houbo unha recadación do 14,49 por 100, as dotacións que se están facer, cubren axeitadamente os riscos de impagos.

Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, dos orzamentos pechados por capítulos dos OO.AA

Capítulos	XMU		IMD		EMAO		VIGO-ZOO	
	Dereitos	Obrigas	Dereitos	Obrigas	Dereitos	Obrigas	Dereitos	Obrigas
I						,00		,00
II		8043		,00		685,78		1.325,80
III	1.694.140,76		80.860,05					
IV	,00	,00		,00				
V							,00	
VI		,00				,00		,00
VII	1.438.860,95	142.648,39						
VIII	4.774,99		2.504,06		1.125,00		3.631,17	
Total	3.137.776,70	150.691,39	83.364,11	,00	1.125,00	685,78	3.631,17	1.325,80



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
 Expediente 102311/140
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 11/02/2014 08:45
 Código de verificación: 23ED3-A34D3-58828-3D43B
 Páxina 21 de 43

En canto aos Organismo autónomos, as obrigas de pechados tampouco representan un saldo significativo, 152.702,97 euros para o conxunto de tódalas institucións. Haberá que analizar o devandito saldo, que está repartido en tres Organismos e, depuralo, se fose o caso.

